



6

para saber más



6

para saber máis

6.1. Referencias legislativas

Orde do 6 de maio de 1992 pola que se regula o procedemento para a implantación do segundo ciclo da educación infantil e se ditan instrucións en materia de organización escolar e avaliación para aqueles centros onde se imparte o devandito ciclo (DOG do 21 de maio de 1992).

Art. 18º. A incorporación de novos escolares ó centro requirirá a planificación do período de adaptación por parte do equipo docente do ciclo. Este período será tratado a través dun plan de acción ó que non serán alleos as nais e os pais, e que terá en conta as características especiais da comunidade escolar e os medios dispoñibles no centro.

O profesorado deberá ter previsto, ó inicio do curso, unha organización espacial, que fará referencia cando menos ós seguintes aspectos:

- a) Colaboración e participación das familias.*
- b) Flexibilización do calendario e horario para os novos escolares.*
- c) Actividades encamiñadas a unha mellor adaptación.*
- d) Agrupación flexible do alumnado.*

Art. 21º (...) A distribución do tempo dentro da aula estará en función das decisións tomadas no proxecto curricular de ciclo así como nas programacións. En calquera caso, o horario será flexible e non contemplará a distribución por áreas, dado o carácter globalizado do modelo curricular para esta etapa.

6.2. Ligazóns de interese na internet

- <http://www.spapex.org/indicadores.htm>
Criterios sobre o momento pertinente para o ingreso na escola infantil dende o punto de vista da Sociedade de Pediatría de Atención Primaria de Estremadura.
- http://es.geocities.com/ishar20/periodo_adaptacion.htm
Páxina web de Ishara. Nela pódense atopar os aspectos máis relevantes do período de adaptación.
- <http://www.consumer.es/web/es/educacion/infantil/2005/09/19/145381.php>
Páxina que recolle aspectos sobre: os primeiros días de colexio, as condutas das nenas e dos nenos, etapas e adaptación, actitudes das nais e dos pais e pautas para as familias.

- <http://www.guiainfantil.com/educacion/escuela/laadaptacion.htm>
Páxina con consellos para as familias sobre como axudar as fillas e os fillos para unha boa adaptación á escola.
- <http://www.guiainfantil.com/educacion/escuela/de3a24.htm>
Suxestións para familias, educadoras e educadores sobre a adaptación de grupos de 3 a 24 meses de idade. Adaptación ao espazo, actividades...
- <http://www.guiainfantil.com/educacion/escuela/de2a3.htm>
Suxestións para familias, educadoras e educadores sobre a adaptación de grupos de 2 a 3 anos de idade.
- <http://www.guiainfantil.com/educacion/escuela/de3a5.htm>
Suxestións para familias, educadoras e educadores sobre a adaptación de grupos de 3 a 5 anos de idade.
- <http://www.guiainfantil.com/educacion/escuela/irescuelano.htm>
Conellos sobre como afrontar a situación do alumnado que non quere ir á escola.
- <http://www.educacioninicial.com/ei/areas/actividades/adaptacion/index.asp>
Páxina con actividades para desenvolver durante o período de adaptación.
- <http://www.terra.es/personal/macevm/periodo.htm>
Páxina xeral sobre o período de adaptación. Inclúe cuestionarios e distribución da entrada dos grupos de alumnado.
- <http://www.unican.es/eiuc/familia/Periodo+de+adaptacion.htm>
Páxina da universidade de Cantabria. Trata aspectos xerais do período de adaptación.
- <http://personal.telefonica.terra.es/web/iremara/index.html>
Recolle o significado do período de adaptación e da incorporación á escola, achega suxestións ás familias, comenta os obxectivos do período de adaptación e como afrontalo dende a escola e a casa.
- http://www.aulainfantil.com/pagina_educador/articulos_pe.shtml
Artigos relacionados co período de adaptación: colaboración coas familias, programación do proceso, problemática de adaptación do alumnado aos centros.
- <http://web.educastur.princast.es/eiei/escolinos/Periodo%20de%20adaptaci%C3%B3n.htm>
Explica que supón o período de adaptación e como poden afrontalo as nais e os pais.
- <http://www.ac5-online.com/Adaptación%20a%20la%20escuela%20infantil.htm>
Fala sobre o que significa o comezo da andaina na escola infantil, de como pode favorecer a familia a adaptación e de pautas útiles anteriores ao período de adaptación e no inicio do mesmo.
- http://web.educastur.princast.es/eoep/eeaovied/recursos/recursosprofesores/ei_adaptacion.pdf
Páxina que recolle aspectos sobre a adaptación de alumnado con discapacidade auditiva.
- <http://mujer.terra.es/muj/articulo/html/mu28647.htm>
Trata epígrafes como: os primeiros días na gardaría, adaptación, papel das familias, regreso á casa, relación coa escola... Ademais achega un cadro de suxestións.
- <http://www.campus-oei.org/celep/celep9.htm>
Páxina do Centro de Referencia Latinoamericano para a Educación Preescolar. Propón unha abordaxe teórica do proceso de adaptación e recolle os tres planos a ter presentes (biolóxico, psicolóxico e social). Achega principios metodolóxicos básicos do proceso.
- <http://www.educa.madrid.org/web/eoep.at.colmenarviejo/ADAPTACION/criterioseval/3.htm>
Ofrece criterios para avaliar o proceso de adaptación ata 1 ano.
- <http://www.waece.org/biblioteca/pdfs/p004-5.pdf>
Un exemplo sucinto no que indican que supón a adaptación ao centro, que fan.

- <http://www.funlam.edu.co/poiesis/Edicion012/poiesis12.vergara.html>
Recolle o significado da adaptación escolar e as condutas que cabe agardar.
- <http://www.formaciondidactica.com/adaptacion.pdf>
Trata sobre a escolarización antes dos 3 anos: o período de adaptación (organización), o papel das familias e a función do equipo educativo.
- <http://www.gobiernodecanarias.org/educacion/Usr/Apdorta/colabora.htm>
Participación das familias, o intercambio de información sobre as nenas e os nenos (entrevista, cuestionarios...), as xuntanzas...

6.3 Referencias bibliográficas

- Alpi, L. e outras (2003): *Adaptación a la escuela infantil*. Madrid, Narcea.
- Asociación de Maestros de Rosa Sensat-Reggio Chindren (2004). *Consejos: Las niñas y los niños de 5-6 años explican a los de 3 la escuela que los acogerá*. Barcelona, Octaedro e A.M. Rosa Sensat.
- Balaban, N. (2000), "Empezar a ir a la escuela: ¿qué se siente?", en *Niños apegados, niños independientes. Orientaciones para la escuela y la familia*. Madrid, Narcea (primeros años), pp. 11 – 15.
- Equip de l'escola bressol Pepetuelo (1992): *L'entrada a l'escola bressol. Apunts d'Escola Bressol*. Barcelona, Patronat Municipal de Garderies de Barcelona.
- Escola maternal "Arcobaleno" de Reggio Emilia ((2002): "En la escuela maternal: primer año, primer día, primeras anotaciones" en *Escuelas infantiles de Reggio Emilia: La inteligencia se construye usándola*. Madrid, Ediciones Morata, pp.21-26.
- Forghieri, E. E Malaguzzi, L. ((2002): "La escuela maternal va por buen camino", en *Escuelas infantiles de Reggio Emilia: La inteligencia se construye usándola*. Madrid, Ediciones Morata, pp.13-20.
- Fortunati, A. (2006) *La educación de los niños como proyecto de la comunidad. La experiencia de San Miniato*. Bérzano. Ed. Octaedro-Rosa Sensat.
- Ibáñez Sandín, C. (1996): "El apego y el período de adaptación en la escuela infantil", en *El proyecto de educación infantil y su práctica en el aula*. Madrid, La Muralla (Aula abierta), pp. 41-46.
- Lahora, C. (2003): *La escolarización antes de los 3 años*, Madrid, Narcea.
- Selmi, L. e Turrini, A. (1991): "Septiembre", en *La escuela infantil a los tres años*. Madrid, Morata-MEC, pp. 19-38.
- Von Hentig, H. (2003): *¿Por qué tengo que ir a la escuela? Cartas a Tobías*. Barcelona, Editorial Gedisa.
- VAA ((2002): "El objeto transicional en la escuela maternal", en *Escuelas infantiles de Reggio Emilia: La inteligencia se construye usándola*. Madrid, Ediciones Morata, pp.27-30.
- VAA (2000): *El período de iniciación. Organizando los primeros días de clase*. Argentina, Ediciones Novedades Educativas.

- WAA (2003): *Adaptación a la escuela infantil*. Madrid, Narcea.
- Willis, A., e Ricciuti, H. (1990): *Orientaciones para la Escuela Infantil de cero a dos años*. Madrid, Morata-MEC.

ARTIGOS:

- Arnaiz, V. (1999): "Los padres en la escuela infantil ¿clientes o cooperadores?" en *Cuadernos de pedagogía*, nº 282, pp. 35-39.
- Cantero, M.J. e López, F. (2004): "Periodo de adaptación escolar: descripción del proceso y su supuesta universalidad cuando los menores ingresan a los 3 años" en *Revista Infancia y Aprendizaje*, nº 27, pp. 27-41.
- Cantero, M^a.J. e López, F. (2004): "Factores predictores del período de adaptación escolar: la familia y las características de los menores cuando ingresan a los 3 años" en *Infancia y Aprendizaje*, nº27, pp. 27-41.
- Conde, M. (1982): "El período de adaptación en la escuela infantil" en *Cuadernos de Pedagogía*, nº 89, pp. 64-67.
- Hidalgo, M.V. (1999): "Las ideas de los padres sobre el desarrollo y la educación de sus hijos. Su cambio y continuidad durante la transición a la paternidad" en *Infancia y Aprendizaje*, nº 85, pp.75-94.
- Jubete, M. (1996): " La educación infantil en el patronato municipal de Barcelona" en *Revista Infancia y Sociedad*, nº 34/35, pp. 73-80.
- Schaffer, H. R. (1999): "La socialización y el aprendizaje de los primeros años", en *Infancia y Aprendizaje*, nº 9, pp. 73-83.



E ti... vas á escola?

AS DÚBIDAS DO PITIÑO

O pitiño branco
de crista vermella
comeza hoxe a escola
do medio da eira.

Intúe que a escola
é algo importante,
porque no poleiro
só fan preguntarlle:

-E ti?...vas á escola?
-Cando á escola irás?
-Se non vas á escola...
non aprenderás.

Onte pola noite
non pechaba ollo,
estaba nervioso
con todo ese embrollo.

O pitiño branco
non dorme, non soña,
faise mil preguntas
sobre iso da escola:

Haberá unha mestra?,
ou un educador?,
será un sitio frío?,
fará nel calor?

Que fago cando entre?,
tereí que sentar?
Se non teño sitio...
poderei marchar?

Alí hai moita xente...
coñecerei a alguén?
Con quen xogo se...
non coñezo a ninguén?

E se quero caca
ou facer pipí...
a quen llo debo eu
comentar ou dicir?

Se vou ao retrete
saberei regresar?
Quen a cremalleira
me axudará a pechar?

E se cando acabe
non me veñen buscar...
que fago? marchar?
ou pórmela a chorar?

Estas e outras dúbidas
fanlle presentir
que iso da escola
non é para si.

Cando dorme, soña
coa avoa galiña.
Que emocionada
está a pobriña!:

-Como pasa o tempo!
Onte inda era ovo,
e hoxe o meu neto
é un alumno novo!

Espertou outra vez,
ás tres da mañá
e lembrou as cousas
que lle mercou papá:

Un lapis, uns folios,
unhas cores, un traxe...
Moitas máis cousas
que se vou de viaxe!

O galo ergueuse
e chamou ao pitiño,
a pola mandou
bulir un pouquiño:

- Hai que bulir un pouco,
xa pasa da hora
correde ou non chegamos
cediño á escola.

Será que a escola
- pensa o pitiño-
se vai desprazando
cada minutíño?

Ai que nervios teño!
Xa estamos chegando
con pitas e pitos
eu voume atopando.

O pai, o galo
está preocupado...:
que fará o pito
cando estea esgotado?

Se a escola é -cavila-
o mellor que hai...
por que lle treme todo
á miña bela nai?

Que é iso que soa?
Que é ese timbre?..
Non entro, non quero,
as miñas ás resistense.

Mamá dáme bicos,
papá dáme máis,
Nin que me fose
alén de Xangai!

Se me dan máis bicos,
voume suxeitar,
forte, moi forte,
non me hei soltar.

Chegou o momento,
xa teño que entrar,
saúdanme na porta...
isto vaime gustar.

Papá e mamá
quedaron un pouquiño
por se tiña medo
de ficar soíño.

...Aos poucos días
vai seguro á escola,
está pouco tempo,
mais todo controla.

E é que esta escola,
a escola da eira,
ten un plan de entrada
que é de primeira.

